



https://printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro

Tratamento farmacolóxico

Versión de 2016

9. Hidroxicloroquina

9.1 Descrición

A hidroxicloroquina utilízase orixinariamente para o tratamento do paludismo. Observouse que interfire con diferentes procesos relacionados coa inflamación.

9.2 Dose/formas de administración

Adminístrase unha vez ao día en forma de comprimido, ata 7 mg por kg por día, con comida ou un vaso de leite.

9.3 Efectos secundarios

A hidroxicloroquina tolérase xeralmente ben. Pode producirse intolerancia gastrointestinal, principalmente náuseas, pero non é grave. A principal preocupación é a toxicidade para o ollo. A hidroxicloroquina acumúlase nunha parte do ollo chamada retina e persiste durante longos períodos de tempo tras interromperse a súa administración. Estas alteracións son raras pero poden causar cegueira, mesmo aínda que xa se interrompera o tratamento co medicamento. Con todo, este problema ocular é extremadamente raro ás doses baixas que se utilizan na actualidade.

A detección precoz desta complicación evita a perda de visión se se interrompe a administración do medicamento. Polo tanto, está indicada a realización de exploracións oculares periódicas, aínda que existe un debate sobre a necesidade e a frecuencia destes controis cando a hidroxicloroquina se administrou a doses baixas, como ocorre nas

enfermedades reumáticas.

9.4 Indicacións para as principais enfermidades reumáticas pediátricas

Dermatomiosite xuvenil.

Lupus eritematoso sistémico xuvenil.